

PREZOS:

1. Matrícula e pensión completa a fin de semana en cuarto duplo no Gran Hotel de Lugo (catro estrelas), na Avda. Ramón Ferreiro, 21.

A cinco minutos do casco histórico. Na web do hotel aparecen planos da súa situación na cidade así como das súas instalacións. www.gh-hoteles.com

- Ata o día 23 de marzo:
 - a) Socios/as de NEG; socios/as do MEP e desempregados/as: 125€.
 - b) Resto do profesorado: 130€.
- Para facilitar o aloxamento ao maior número de persoas, non haberá habitacións individuais, agás posibles casos excepcionais, cun suplemento de 75€.

Só se garantiza o aloxamento e precio neste hotel para as inscricións feitas antes do 23 de marzo. A partir desta data, a organización non xestionará hotel.

2. Só Matrículas:

- a) Ata o día 13 de marzo:
- Socios/as de NEG; socios/as do MEP; desempregados/as: 35€.
 - Resto do profesorado: 40€.
- b) Despois do 13 de marzo:
- Socios/as de NEG; socios/as do MEP; desempregados/as: 40€.
 - Resto do profesorado: 45€.

3. Ceas/Jantares:

Aquelas persoas que só fagan inscrición pero desexen participar nalgũa cea, poderán facelo. Para elo deberán facer constar na inscrición o día 24 e/ou 25, e facer o ingreso do importe correspondente de 18 € por cea.

CERTIFICACIONES:

Está en trámite coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a certificación por 12 horas de formación.

Non se homologa ningún crédito de libre configuración.

Organizan:

- Educadores/as pola Paz-Nova Escola Galega (NEG)
- Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a paz (AGAPPAZ)
- Movemento dos Educadores pola Paz de Portugal (MEP)

INFORMACIÓN E INSCRIPCIONES:

Información: agappaz@mundo-r.com - neg@mundo-r.com

Inscripcións: por correo electrónico ou correo postal, acompañadas do comprobante da entidade bancaria do pago a:

A) PORTUGAL:

EB1 n° 4 do Barreiro, Rua Professor Joaquim Vicente Franca, n° 103, 2830 Barreiro (Portugal)

Tfno.: 212 156 306 (Helena Proenca)

Correo electrónico: helena.proenca@hotmail.com ou helena.m.proenca@gmail.com

CONTA nº: 0141 091813300 da Caixa Geral de Depósitos (Barreiro - Portugal)

NIB: 003501410009181330087 da Caixa Geral de Depósitos (Barreiro - Portugal)

B) GALIZA:

Educadores pola paz-Nova Escola Galega

Apdo. 586. 15700 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel./Fax: 981 56 25 77 (Nova Escola Galega)

Correo-e: neg@mundo-r.com

CONTA nº 2091 0300 45 3040089500 da Caixa Galicia

FICHA DE INSCRIPCIÓN:

Disponíble o remate ou na web, en formatos .doc e .pdf.

**Colaboran:**

caixanova




Concello de Lugo
Concellería de Educación



www.educadorespolapaz.org

XXIII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ

LUGO. 24, 25 e 26 de Abril, 2009
Escola Universitaria de Formación do Profesorado (USC)

**ORGANIZAN:**

**MOVIMIENTO DOS EDUCADORES
PARA LA PAZ
(MEP) DE PORTUGAL**



A nova cita das educadoras e educadores pola paz portugueses e galegos, así como doutras terras que nos adoitan acompañar, está xa programada. Será en Lugo, cidade senlleira na que agromou a semente da paz. Vai ser unha edición especial, a primeira coa gran ausencia de Suso Jares, alma destes Encontros. Por iso, seguindo a súa liña de traballo e dada a problemática actual, imos adicar unha vez máis os Encontros á Educación para a cidadanía e os dereitos humanos. Agardamos a vosa presenza e participación activa nesta nova cita. Ata abril, mes da liberdade e da paz, en Lugo.

PROGRAMA

Venres, 24 de Abril

- 18.00h-19.30h.- Recepción e recollida de material para os/as matriculados/as no XXIII Encontro, na Escola Universitaria de Formación do Profesorado na rúa Avda. De Ramón Ferreiro, s/n.
- 18.30h-19.30h.- Xogos Cooperativos. Coordinan Belén Piñeiro, Anxos Rodríguez e Lourdes Lista.
- 20.00h.- Breve acto de apertura do XXIII Encontro Galego-Portugués de Educadores pola paz. Intervirán:
Excmo. Sr. Alcalde de Lugo no Concello.
Carme Díaz Simón, coordinadora de AGAPPAZ e membro de Educadores pola Paz.
Fran Candía Durán, membro de NEG. Representante da Escola de Maxisterio.
María Dolores Vieiro Núñez, Concelleira de Educación do Concello de Lugo.
Helena Proença, presidenta de AGGAPAZ en Portugal.
- 20.15h.- Conferencia-debate: “Cómo educar na competencia social e cidadá: ensinando valores”. Por María Rosa BUXARRAIS i ESTRADA. Profesora Doutora da Universidade de Barcelona. Presentan: Uxia Garrido Filgueira, profesora da Escola de Maxisterio da USC. María Emilia Gregorio, profesora e membro da Xunta Directiva de AGAPPAZ.
- 21.30h.- Cea/ Jantar e FESTA DA PAZ no restaurante Porta de Santiago na Ronda da Muralla.

Sábado, 25 de Abril

10.00h.- Conferencia-debate: “Cidadanía e xénero”.
Por Ana SÁNCHEZ BELLO. Profesora Doutora de Didáctica e Organización Escolar da Universidade da Coruña.
Presenta: Cathryn Teasley de AGAPPAZ e Profesora da Universidade de A Coruña.

- 11.30h.- Pausa café.
- 12.00h.-Conferencia-debate: “¿É posible un estado e unha escola laica?”.
Por Juan José TAMAYO-ACOSTA. Teólogo, Profesor e director da Cátedra de Teoloxía e Ciencias das Relixións Ignacio Ellacuría da Universidade Carlos III de Madrid.
Presentan: Américo Nunes, Profesor da Universidade de Tras os Montes e Alto Douro (UTAD) de Chaves (Portugal), e membro da Xunta directiva de AGAPPAZ) e María José Acevedo, de Educadores pola Paz e da AGAPPAZ.
- 14.00h.- Petiscos.
Foto da paz.
- 15.30h.- Largada da pomba.
- 16.00h-20.00h.- OBRADOIROS SIMULTÁNEOS. Cada persoa participa únicamente nun só obradoiro a escoller entre os seguintes:
“Danzas do Mundo”, por Paulo FERREIRA, profesor de área de Educación Municipal da Escola Superior de Educação de Lisboa.
“Mediación de conflitos”, por Manolo BLANCO, orientador del IES Leiras Pulpeiro de Lugo.
“Confección de monequiños de papel” por Bene TIELAS, ilustradora e Bernardo CARPENTE, mestre en Vigo e membro de AGAPPAZ
“A relaxación e a risoterapia na educación: xogos, bailes e exercicios”, por Montserrat SANMARTIN, psicóloga e Risoterapeuta en Vigo (Galiza).
“Os Jogos Cooperativos na Educação para a Paz” por Armindo GREGÓRIO, profesor e técnico de proxectos da Oikos-Cooperação e Desenvolvimento, e membro de AGAPPAZ.
- 20:15-21.00 h. — Clausura do Encontro, coa actuación de:
Antón Castro, profesor de musica e contador de historias.
- 21:30h.- Cea/Jantar no restaurante Porta de Santiago na Ronda da Muralla.

Domingo, 26 de Abril

09.30h-10.00h.- Almorzo/Pequeno almoço, (con caracter voluntario)

10.00h-11:30h.- Asamblea dos movementos pola paz.

11.30h-12:30h.- Visita á cidade.



FICHA DE INSCRIPCIÓN

XXIII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ

Nome e apelidos:	Localidade e C.P.:	País:
Enderezo:	Correo-e:	
Tfno.:	Centro de traballo:	
DNI/B1 nº:	Centro de ensino:	
Area ou materia que imparte:		
☐ Desempregado/a. Xuntar copia de documento oficial.		
☐ Socio/a de		
Obradoiro (Enumerar TRES por preferencia. As prazas cubriranse por orde de chegada do resguardo de pago):		
1ª opción	2ª opción	3ª opción
Matrícula e Aloxamento		
Compartirei aloxamento con:		
Preferencia de aloxamento:	☐ dúas camas individuais	☐ unha cama de parella
Só Matrícula:	☐ Cea Venres	☐ pido cama supletoria
Nota: Esta ficha debe entregarse acompañada do comprobante da entidade bancaria do pago. Consulte o apartado “Inscripcións e Información” do Programa xeral (enriba.)		
Observacións:		